

Cabo de Creus.

No límite oriental da península ibérica, na Costa Brava, as estribacións do macizo pirenaico adéntranse no mar Mediterráneo e forman a península do Cabo de Creus. As formacións arbustivas e as matogueiras dominan esta singular paraxe de terreos graníticos e esquistosos do paleozoico.

A costa rocosa, interrompida continuamente por pequenas baías, sorprende a miúdo con complicadas e belas formas, froito da acción incesante das ondas do mar e dos ventos de levante e tramontana.

Desde maio de 1998, existe como tal o Parque Natural Marítimo-Terrestre Cap de Creus, con máis de 13.000 hectareas protexidas. Mereceu esa figura de protección grazas á riqueza paisaxística e biolóxica, tanto na terra como no mar, así como á do patrimonio histórico e cultural, que durante máis de 10 séculos se desenvolveu na zona.

No mar, a limpeza e a transparencia das augas do Cap de Creus son un claro reflexo da escasa contaminación á que se ve sometida esta área mariña, así como da alta calidade das súas augas e das abondosas formas de vida que nelas coexisten.

Sobre o fondo rocoso, os abanos de ramificadas e estilizadas gorgonias destacan na paisaxe do leito mariño. Arredor de sí, diversos organismos desprázanse na busca de alimento ou de algún currunchu onde se refuxiar, como este hábil polbo, depredador experto que revisa cada oco ou greta axexando ás súas presas, sempre alerta coa súa ollada exploradora.

Innumerables peixes de diversas especies nadan sobre o sustrato rocoso, recuberto de algas fotófilas e calcáreas; e diferentes organismos, como colonias de briozoos, esponxas, anémonas, ascidias, poliuetos e madreporarios, entre moitos outros. Na superficie bentónica predominan os organismos suspensívoros de aspecto arborescente, que enriquecen a biocenose desta marabillosa paisaxe mergullada.

No leito mariño do cap de Creus repousan para sempre, nas súas augas máis fondas, vestixios da historia. Alí onde antigos navegantes perderon o seu rumbo, hoxe atopan paraísos subacuáticos os mergulladores.

Os restos inertes das naves que antes surcaron as augas do mar Mediterráneo dan acubillo a diversas especies da penumbra e teñen sido colonizados por un grande número de organismos bentónicos.

A gorgonia *Paramuricea Clavata* presenta aquí un espectacular desenvolvemento, claro indicador da ausencia de contaminación e da presenza dun hidrodinamismo intenso, que renova constantemente estas augas.

O porte arbóreo desta comunidade é produto da actividade durante decenas de anos de pequenos e numerosos pólipos, que fixos nas súas colonias atrapan cos seus tentáculos o alimento suspendido. Así crean con bermellas pinceladas grandiosas paisaxes submarinas neste espléndido parque natural da Costa Brava.